

RUDI DUDI

Rastafarudi

A COMPAÑÍA

Nacido en Genk (Bélxica), Rudi Dudi leva toda a vida no teatro, no novo circo e na rúa. Formouse na Escola de Mimos de Antwerpen e nos anos oitenta traballou como actor, director e autor teatral en Bélxica. Nos noventa accedeu ao círculo de Teatro na Educación de Irlanda e tras case unha década dedicado á narración oral naquel país, centrouse na súa carreira de *clown* xirando por todo Europa até que decidiu instalarse en 2005 como artista total en Galicia.

Rudi ten alma de viaxeiro, de vagabundo, de nómade. Dende moi novo, acompaña unha das súas mellores pertenzas. A máis querida, a máis especial. Unha maleta máxica que herdou do seu avó. Aló garda toda a súa vida, un mundo enteiro, todo o que precisa para vivir e facer rir. Nesa maleta non falta nin o seu talento nin o seu humor e, desde logo, o que nunca falta é o nariz vermello de pallaso.

O ESPECTÁCULO

Desde música ao vivo até malabarismo, pasando por coreografías en tutú e un streap-tease a base de gargalladas. E, no medio e medio, Rudi Dudi. O clown -belga, mais universal- crea un espectáculo xurdido da maxia e da forza que veñen do máis fondo, directamente do corazón. En Rastafarudi, preséntasenos un antigo ritual para que a xente se deite todas as noites coa esperanza no mundo intacta. Ao parecer, María Callas e Elvis, Bob Marley e Michael Jackson, tamén Madonna e Lady Gaga mantiveron vivo este ritual. Pero só Rudi Dudi atrevese a llo ensinar ao mundo.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Rudi Vanminsel

Técnica teatral: *clown*

Duración: 45 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)